



## CONVOCATORIA XERAL PARA PROGRAMAS INTERNACIONAIS DE MOBILIDADE CON FINS DE ESTUDOS CURSO 2024-2025

### PRESENTACIÓN:

Nunha época en que as relacións culturais, económicas, políticas e sociais se desenvolven nun contorno internacional, a formación universitaria de calidade require a preparación de profesionais adecuados para que se desenvolvan nese contexto. No marco da súa política de internacionalización integral, a Universidade da Coruña (UDC) oferta cada curso ao seu estudantado a oportunidade de realizar estadias con fins de estudos no estranxeiro cuxos resultados académicos son obxecto de pleno recoñecemento. A estes efectos, a UDC participa plenamente no programa Erasmus+ da Unión Europea para o período 2021-2027, incorporando as prioridades de inclusión e diversidade, transformación dixital e, canto ao medio ambiente, sustentabilidade e acción contra o cambio climático. Así mesmo, consolídase a dimensión internacional, as mobilidades de curta duración ou a mobilidade combinada que comezamos. Por outra banda, a UDC organiza, cos medios de que dispón, un programa propio de axudas bilaterais, con obxecto de contribuír ao pagamento dos gastos derivados de mobilidades con destinos non incluídos nos programas internacionais dos que a UDC recibe fondos externos.

Para dar curso e organizar de modo adecuado esta mobilidade de carácter estable, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización publica esta **Convocatoria de mobilidade de estudantes para o curso 2024/2025 para realizar estadias con fins de estudos** en universidades estranxeiras.

A convocatoria constitúe un desenvolvemento do Regulamento da UDC sobre mobilidade internacional de estudantes (aprobado no Consello de Goberno do 21 de decembro de 2012, modificado o 27 de febreiro de 2014 e o 29 de xaneiro de 2015), dispoñible na ligazón: [http://www.udc.es/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/](http://www.udc.es/ori/inf_estudiantes_UDC/)

### 1.º OBXECTIVOS E TIPOS DE MOBILIDADE

O obxectivo desta convocatoria é seleccionar ao estudantado da UDC para participar no curso 2024/2025 nos programas internacionais de mobilidade seguintes:

1. Acción Clave Primeira. Mobilidade de Estudantes do Programa Erasmus+, KA 131, modalidade con fins de estudos.
  - 1.1. Mobilidade física de longa duración para estudantes de grao e mestrado: de 2 meses a 12 meses de mobilidade física. Pode incluír:
    - 1.1.1. Un período de formación práctica complementario, se está programado no acordo de aprendizaxe.
    - 1.1.2. Unha mobilidade de dimensión internacional a terceiros países non asociados ao Programa Erasmus+, cos que a UDC teña asinados os correspondentes convenios Erasmus e que figuren na oferta de prazas.
    - 1.1.3. A posibilidade de cursar materias virtuais ofertadas en destino, a maiores.

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Asinado	Data e hora	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Páxina	1/30		
Observacións					
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



- 1.2. Mobilidade para doutorandos/as de longa duración: de 2 a 12 meses de mobilidade física. A mobilidade de doutorandos/as de curta duración non está incluída na presente convocatoria e será obxecto dunha convocatoria específica distinta.
  - 1.3. Os programas intensivos combinados para estudantes e persoal, que comprenden unha mobilidade física de curta duración no estranxeiro en combinación cun compoñente virtual obrigatorio, non están incluídos na presente convocatoria e serán obxecto doutra específica distinta.
2. Mobilidade internacional no marco de convenios bilaterais ou de dobre titulación internacional asinados pola UDC (mobilidade Bilateral SM e SM específico), á marxe dos acordos Erasmus+.

## 2.º FINANCIAMENTO

Esta convocatoria finánciase coas axudas orzamentarias conxuntas da Comisión Europea (proxecto KA 131 anos 2023/2025 “2023-1-ES01-KA131-HED-000118792” e KA 131 para os anos 2024/2026) e da Universidade da Coruña con cargo ás aplicacións orzamentarias e polos importes iniciais previstos máis abaixo neste artigo, sen prexuízo de que estes importes poidan ser incrementados segundo a dispoñibilidade orzamentaria ou de ser posible nutrirse de incorporacións:

08.0A.422D.48000 (Convocatoria mobilidade Erasmus Estudos Curso 24/25) 600.000,00€  
08.0A.422D.48000 (Bolsas mobilidade bilateral estudantes 24/25) 60.000,00€

Con motivo da data da publicación da convocatoria, ao non estar as incorporacións de crédito efectivas do proxecto Erasmus+ 2023/2025, utilizaremos o importe do crédito inicial do proxecto Erasmus+ 2024/2026 para financiar esta convocatoria conxunta dos dous proxectos. Cando finalmente estea incorporado o importe do proxecto Erasmus+ 2023/24 reverterase, de ser o caso, este importe coa correspondente redistribución.

Esta convocatoria e os actos ditados na súa execución, enténdense condicionados a que unha vez aprobado o orzamento, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se inicia a tramitación anticipada.

## 3.º REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE MOBILIDADE

**A) OS REQUISITOS XERAIS PARA SER ADMITIDO/A NUN DOS PROGRAMAS DE MOBILIDADE REXIDOS POLA PRESENTE CONVOCATORIA SON OS SEGUINTE:**

1. Estar matriculado/a nun centro propio ou adscrito da UDC con fin de realizar estudos conducentes á obtención dun título oficial de grao, mestrado ou doutoramento no momento de presentación da solicitude. De non estar aberto o prazo de matrícula na titulación en que se pretende realizar a estadía no momento de presentar a solicitude, o/a estudante poderá participar na convocatoria sempre que, polo menos, estea admitido/a na titulación para a que solicita a praza de mobilidade. O/A estudante que pretenda realizar a

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	2/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



mobilidade durante o grao, debe estar matriculado/a nun curso superior ao primeiro no momento de iniciar a estadía.

2. O/a estudante pode realizar un total de dúas mobilidades con fins de estudos na mesma titulación de grao, posgrao ou doutoramento sempre que ningunha delas supere os seis meses de duración. No caso de que algunha superase este límite o/a estudante só poderá realizar unha. O/A estudante dunha titulación non adaptada ao EEES, que accedese ao seu equivalente no EEES para rematar os seus estudos, considerarase que continúa facendo a mesma titulación.
3. A estadía debe cumprir os requisitos propios establecidos por cada centro publicados na web. Ademais, toda estadía debe ter a posibilidade dun recoñecemento académico suficiente. **O/A estudante comprobará a existencia desta posibilidade de recoñecemento académico suficiente dirixíndose á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro.**
4. O/A estudante deberá **cumprir os requisitos de idiomas estranxeiros** que se regulan no seguinte artigo da presente convocatoria **no momento de realizar a solicitude.**
5. O estudantado con nacionalidades estranxeiras deberá ter a TIE en vigor desde o momento da solicitude da mobilidade ata o remate desta.
6. No caso das solicitudes para participar en programas de mobilidade internacional de dobres mestrados, o/a estudante poderá cubrir a solicitude en calquera prazo da convocatoria, mais se o fixese previo á solicitude da praza no mestrado, deberá achegar un escrito no que se compromete a solicitar praza no mestrado correspondente e a entregar a súa aceptación definitiva neste nun prazo máximo de 15 días desde a publicación (Anexo IV).
7. Non ter aceptada unha praza de mobilidade nos anteriores prazos da Convocatoria de mobilidade de estudantes para o curso 2024/25 para realizar estadias con fins de estudos. Entenderase, de modo automático, que calquera estudante que presente unha solicitude de praza de mobilidade no segundo ou seguintes prazos da convocatoria para substituír a praza concedida inicialmente, renuncia á praza de mobilidade que se lle concedeu nos prazos anteriores. **A praza inicialmente adxudicada quedará vacante polo simple feito de volver a presentar unha nova solicitude de mobilidade nun prazo posterior.** O/A estudante non a poderá recuperar en ningún caso, aínda que non se lle conceda ningunha das prazas solicitadas no seguinte prazo.

**B) O ESTUDANTADO QUE PARTICIPE NO PROGRAMA ERASMUS+ DEBERÁ, ADEMAIS, CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS:**

- a) O programa Erasmus+ só lle permite a cada persoa participar na mobilidade durante doce meses en cada ciclo de estudos (grao, mestrado, doutoramento). Deste modo, o/a estudante que xa realizou unha mobilidade de prácticas Erasmus no mesmo ciclo que está cursando ao presentar a súa solicitude, non poderá acceder a unha mobilidade con fins de estudos que, sumada ao período previo de prácticas, exceda dos devanditos doce meses.

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	3/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- b) É indiferente para os efectos da aplicación da regra anterior se o/a estudante realiza a mobilidade con ou sen bolsa.
- c) O estudiantado deberá cumprir con todas as demais obrigas que impoña ou poida impoñer no futuro o programa Erasmus+. As regras deste programa pódense consultar na páxina web da axencia encargada de xestionar o programa en España, o SEPIE ([www.sepie.es](http://www.sepie.es)).

#### 4.º REQUISITOS DE IDIOMAS ESTRANXEIROS

##### A) NIVEIS ESIXIDOS POLA UDC E MOMENTO EN QUE SE DEBEN ACREDITAR:

As persoas candidatas para poder seren seleccionadas deberán **acreditar, no momento da solicitude**, os niveis de coñecemento de idiomas estranxeiros nos que se impartan as materias no correspondente plan de estudos oficial da institución de destino de calquera das formas seguintes:

- a) Mediante algunha das certificacións ou diplomas relacionados no anexo II.
- b) Mediante o diploma que acredite ter superado o curso correspondente ao nivel esixido no Centro de Linguas da UDC ou centro de linguas de calquera universidade española. Aos efectos lánzase na UDC unha convocatoria para a mellora das competencias lingüísticas do estudiantado.
- c) A UDC, a través do Centro de Linguas, poñerá a disposición do estudiantado diversas datas para a acreditación oficial do nivel en lingua inglesa como se pode consultar na súa páxina web <http://www.centrodelinguas.gal/>.
- d) Probas de dominio realizadas na UDC.

O nivel que se deberá acreditar será o seguinte (todos os niveis de coñecemento indicados están referidos ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas -MCERL):

- **A2 (completo):** Cando sexa lingua local do país de destino e/ou que a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de instrución nos estudos que se van a realizar na universidade de destino sexa o **francés, alemán, italiano ou portugués**.
- **B1 (completo):** Cando sexa lingua local do país de destino e/ou que a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de instrución nos estudos que se van a realizar na universidade de destino sexa o **inglés**.
- **B1 (completo) en lingua inglesa** Cando a lingua local do país de destino ou de instrución sexa **calquera outro idioma distinto do inglés, francés, alemán, italiano e portugués**.

O estudiantado con destino a Reino Unido, mobilidade internacional Erasmus ou bilateral, deberá xustificar un nivel B2 mínimo de inglés para a solicitude do visado nese país, cos certificados oficiais indicados polas autoridades competentes en materia de emigración: <https://www.gov.uk/guidance/prove-your-english-language-abilities-with-a-secure-english-language-test-self>

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Asinado	Data e hora	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Páxina	4/30		
Observacións					
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



No caso de non teren acreditados os idiomas estranxeiros locais e de instrución dos países de destino no momento da solicitude da mobilidade, o estudantado que só acredite nivel de inglés non poderá cursar materias impartidas noutros idiomas estranxeiros.

#### B) CASOS ESPECIAIS (QUE NON DISPOÑAN DE CERTIFICADO DO NIVEL ESIXIDO):

1. Estudantes da Facultade de Filoloxía. No caso de que o idioma estranxeiro obxecto de estudo na súa carreira coincida co idioma estranxeiro de instrución na universidade de destino, o estudantado de todas as titulacións deste centro presentará unha copia da matrícula como acreditación do nivel lingüístico.
2. O estudantado de titulacións con itinerarios bilingües, así como aquel dunha titulación internacional oficial da UDC (dobre ou conxunta) que se imparta nunha lingua estranxeira, e que inclúa mobilidade internacional como parte do plan de estudos, presentará a matrícula na titulación como acreditación do seu nivel.
3. O estudantado estranxeiro residente en España e con NIE vixente, nativo nas linguas oficiais do país de destino, preferiblemente distinto ao país de orixe, necesitará acreditar a nacionalidade estranxeira e os estudos previos (equivalentes ao nivel de secundaria ou universitarios) realizados na lingua do seu país de orixe.

#### C) NIVEL DE IDIOMAS ESIXIDO POLA INSTITUCIÓN DE DESTINO:

Advírtese de que, independentemente do nivel de coñecemento de idioma estranxeiro esixido pola UDC e a maiores deste, a institución de destino poderá impoñer os seus propios requisitos ao respecto. **O incumprimento destes requisitos impostos pola institución de destino poderá determinar o rexeitamento da candidatura do/da estudante e a imposibilidade de efectuar a estadía**, aínda que no proceso de selección da UDC se lle concedese a praza de mobilidade. O prazo límite para acreditar o nivel superior de idioma estranxeiro esixido en destino coincidirá coa data límite para o envío das candidaturas fixada pola institución de acollida.

#### D) REGRA ESPECIAL PARA O ESTUDANTADO ERASMUS+

O estudantado que participa no programa Erasmus+ deberá cumprir coas obrigas específicas de carácter lingüístico impostas polo programa Erasmus+. En particular, debe utilizar todas as plataformas electrónicas requiridas pola UE como a OLS (Online Linguistic Support). A avaliación inicial do idioma estranxeiro a través da OLS será obrigatoria.

### 5.º DESTINOS PARA REALIZAR A MOBILIDADE E DURACIÓN DAS ESTADÍAS

#### A) DESTINOS:

1. O/A estudante deberá elixir un ou varios destinos para realizar a súa mobilidade dentro da oferta de prazas prevista para o seu centro. **O/A estudante deberá comprobar coa coordinación do centro que existe a posibilidade de recoñecemento académico nos destinos da súa elección.** O/A estudante non poderá elixir un número de destinos superior ao máximo que se indica para cada centro no anexo III.

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	5/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- En caso de estar cursando dúas titulacións da UDC en réxime de **simultaneidade de estudos (PCEO)**, o/a estudante terá que indicar **obrigatoriamente** na súa solicitude o centro polo que pretende facer a mobilidade. O alumnado que desexe realizar dúas mobilidades semestrais no mesmo curso académico deberá solicitalo en dous prazos diferentes da convocatoria. De acordo co regulamento de mobilidade internacional, artigo 7.2, os supostos de simultaneidade de estudos de dúas titulacións ofertadas pola UDC **computarán como unha única titulación**.
- O número de prazos e destinos varía cada ano e é diferente para cada centro. O/a estudante pode consultar a oferta de prazos existente para o seu centro en: [https://www.udc.es/gl/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade\\_internacional/index.html](https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_internacional/index.html), tanto para a mobilidade Erasmus+, como para a mobilidade bilateral.
- Algúns convenios Erasmus+ ou bilaterais asinados con certas institucións de destino poden establecer requisitos adicionais que o estudiantado deberá consultar na páxina web oficial da universidade de destino. O/a estudante que desexe elixir un destes destinos deberá cumprir estes requisitos adicionais para poder ser aceptado/a pola devandita institución.
- Á hora de presentar a súa solicitude, o estudiantado deberá **ter en conta a data de peche de nomeamentos de candidaturas de mobilidade na universidade de destino**. Se esa data é anterior á data límite para a aceptación de destino especificada nos apartados 17 a 19 da presente convocatoria, deberase considerar que o destino non está dispoñible. As datas de peche de candidaturas de mobilidade nas universidades de destino pódense consultar nas correspondentes páxinas web.

## B) DURACIÓN DAS ESTADÍAS:

As estadías serán estadías presenciais en destino e terán unha duración mínima de 2 meses e máxima de 12 para mobilidades no marco dos programas Erasmus+ e de convenios bilaterais.

- Regra especial para mobilidades bilaterais:** poderá participar nesta convocatoria o estudiantado que inicie un intercambio bilateral no segundo semestre do curso 2023/24 nunha institución cuxo calendario académico coincida co ano natural e solicite unha continuación de estudos no seguinte semestre na mesma institución de destino.
- Regra especial para mobilidades Erasmus:** durante un mesmo curso académico é posible combinar un período Erasmus con fins de estudos cun período Erasmus con fins de prácticas sempre que non sexa simultaneamente senón períodos pechados e independentes.

## 6.º COMO SOLICITAR A MOBILIDADE. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

### A) COMO CUBRIR A SOLICITUDE:

- O estudiantado que solicite unha mobilidade deberá cubrir unha **única solicitude** en liña a través do portal para estudantes de intercambio saínte dispoñible na ligazón: [http://www.udc.es/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/movilidad\\_internacional/index.html](http://www.udc.es/ori/inf_estudiantes_UDC/movilidad_internacional/index.html)
- O estudiantado accederá ao portal coas súas credenciais de usuario/a da UDC. Aquelas persoas que estean á espera de seren admitidas nunha titulación da UDC e/ou non teñan credenciais remitirán por e-mail a [outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es) ou [riferrol@udc.es](mailto:riferrol@udc.es) o anexo IV.

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Asinado	Data e hora	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Páxina	6/30		
Observacións					
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



3. **Antes de comezar a cubrir a solicitude, o/a estudante debe ler detidamente as instrucións que están publicadas na páxina web da ORI.** As solicitudes que non sexan cubertas polo/a estudante seguindo esas instrucións, ou que non estean correctamente cubertas no portal para estudantes de intercambio saínte, poderán ser excluídas do proceso de selección.
4. Na súa solicitude, o/a estudante debe indicar, como dirección de correo electrónico única e exclusivamente o enderezo institucional @udc.es, da que dispoñen todos os membros da comunidade universitaria. **As solicitudes en que se indique un enderezo de correo distinto do institucional @udc.es poderán ser excluídas do proceso de selección.**
5. Ao cubrir a **solicitude única por prazo da convocatoria**, o/a estudante seleccionará a institución ou as institucións de destino en que desexe realizar a súa estadía dentro das ofertadas para o seu centro. O/a estudante poderá solicitar, por orde de preferencia, ata o número máximo de institucións de destino que para cada centro se indica no anexo III. As institucións de destino seleccionadas poderán ser indistintamente do programa Erasmus+ ou Bilateral.
6. O estudantado non poderá solicitar prazos onde o número restante que figure na oferta sexa cero.
7. O estudantado (especialmente aquel de titulacións simultáneas-PCEO) que desexa solicitar dúas mobilidades semestrais no mesmo curso académico a distintas institucións de destino, deberán facer unha solicitude de mobilidade para o primeiro semestre 24/25 no primeiro prazo da convocatoria e outra solicitude de mobilidade para o segundo semestre 24/25 no segundo prazo da convocatoria. Non terá prioridade fronte a outro estudantado que solicite mobilidade no mesmo curso académico.

Cancelaranse de oficio as solicitudes daquel alumnado que teña concedida unha mobilidade nun dos prazos da convocatoria e queiran solicitar unha nova mobilidade, para o mesmo período de mobilidade xa concedido, en prazos posteriores para substituír a solicitude anterior.

#### B) DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR NA SOLICITUDE EN LIÑA:

1. A documentación que acredite o coñecemento dos idiomas de instrución na/s institución/s de destino seleccionadas na solicitude.
2. A copia da matrícula universitaria 2023/24.
3. As persoas candidatas matriculadas en programas de doutoramento deberán achegar adicionalmente:
  - a. A memoria xustificativa do proxecto investigador que se realizará durante o período da estadía internacional asinada polo/a director/a de tese (máx. 3500 caracteres)
  - b. A carta de invitación do profesor ou profesora responsable na institución de destino, na que deberán constar as datas da estadía e a conformidade coa memoria do proxecto investigador proposto.

#### C) PRAZOS DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

- A solicitude en liña, xunto coa documentación requirida (documentos en PDF), deberase presentar dentro **do prazo indicado no calendario que consta nos artigos 17 a 19 desta convocatoria. O prazo remata ás 23:59h do último día.**
- Os requisitos para participar nesta convocatoria deberán cumprirse antes do prazo límite de presentación de solicitudes indicado nos artigos 17 a 19 desta convocatoria.

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	7/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## 7.º CRITERIOS DE SELECCIÓN E COMISIÓN PARA CADA UN DOS PRAZOS DE RESOLUCIÓN

Antes de que comece o proceso de adxudicación, o/a responsable de relacións internacionais deberá comprobar se quedan prazas dispoñibles nalgún dos destinos solicitados polo/a estudante e confirmar a posibilidade de elaborar un contrato de estudos entre a titulación da UDC e a titulación da universidade de destino.

Unha vez que reciba as solicitudes, a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) remitirá as listaxes aos centros, que deberán ser comprobadas e cubertas pola administración do centro en base ás indicacións que estean establecidas na convocatoria para adxudicar as prazas de mobilidade.

O proceso de adxudicación farase do seguinte modo:

1.º A administración do centro fará unha prelación entre as solicitudes, ordeándoas en función da puntuación obtida mediante a aplicación dos seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico, calculada segundo o sistema vixente no momento de publicación da convocatoria. No caso do estudantado de primeiro curso que solicita unha mobilidade con fins de estudos no primeiro prazo da convocatoria e non figure cualificación algunha no seu expediente académico, tomarase como referencia a nota media obtida nas probas ABAU para o acceso á Universidade, coa correspondente ponderación sobre 10. No caso do estudantado de mestrado tomarase como referencia a nota media do grao que lle deu acceso a eses estudos. No caso do estudantado de doutoramento tomarase a nota media obtida no último mestrado cursado antes de entrar no programa de doutoramento.
- O centro poderá asignar en concepto de “Outros méritos” ata un 5 % da puntuación total que pode obter o/a estudante, nos termos establecidos no Regulamento de mobilidade e que figuran no anexo III.
- En caso de empate entre dúas persoas, adxudicarase a praza a quen faga unha estada máis longa. Se este criterio non permite o desempate, daráselle preferencia ao/á estudante que teña aprobados máis créditos da súa titulación. De non ser posible aínda así dirimir o empate, asignaráselle a praza ao/á estudante que certifique un nivel máis alto no idioma no que vai a desenvolver as súas actividades académicas na institución de destino. De continuar co empate, a praza adxudicaráselle ao/á estudante que teña máis matrículas de honra; se ámbalas dúas persoas teñen as mesmas, á que obtivera máis sobresaíntes e así sucesivamente ata acadar o desempate.

2.º As prazas serán asignadas polo centro, estudante a estudante, seguindo a orde resultante da aplicación dos criterios anteriores. **A cada estudante adxudicaráselle un único destino por cada prazo da convocatoria**, que será a primeira praza dispoñible dentro da selección de destinos efectuada na súa solicitude, sempre que non resulten excluídos. Dos destinos elixidos polo estudantado en cada prazo da convocatoria só quedarán excluídos os seguintes:

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	8/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Aqueles nos que o/a estudante non acreditase o nivel de idioma esixido nesta convocatoria.
- Se así o decidise o centro, tamén se poderán excluír neste momento aqueles destinos que, en relación co/a estudante que os solicite, non sexan obxectivamente susceptibles de dar lugar a recoñecemento académico, de conformidade cos criterios desta convocatoria e dos establecidos polo centro en uso das atribucións que lle confire o artigo 13.º do Regulamento de mobilidade.

3.º Para determinar con exactitude as prazas dispoñibles, o centro debe ter en conta os seguintes criterios:

- A oferta de prazas que acompaña a esta convocatoria (dispoñible en [https://www.udc.es/gl/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade\\_internacional/index.html](https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_internacional/index.html)) expresa tanto o número de prazas dispoñibles para cada centro e destino, como o ciclo de estudos (grao, mestrado ou doutoramento) e a área de estudos (ISCED) ou titulación.
- O/A estudante deberá ter en conta que a oferta de prazas pode variar entre un prazo e outro debido ás renovacións ou cancelacións de convenios.
- As prazas que se asignen non deben superar en total o número máximo de prazas de mobilidade que figura na oferta de prazas para estudantes de intercambio saíntes para cada centro e destino.

4.º A condición de suplente só se lle concederá a un/unha estudante, cando non exista ningunha praza dispoñible para ningún dos destinos que seleccionou. Neste caso, daráselle a condición de suplente da primeira institución que teña elixida e que non conte xa con algún/algunha suplente. De contaren todas as universidades da súa elección xa con suplentes, adxudicáraselle a condición de segundo/a suplente nalgunha delas seguindo o mesmo criterio sinalado para as primeiras suplencias, e así de modo sucesivo para as terceiras e cuartas suplencias.

## 8.º LISTAXE PROVISIONAL E DEFINITIVA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DAS PRAZAS EN CADA RESOLUCIÓN

1. A administración de cada centro elaborará unha listaxe provisional coas prazas asignadas a cada estudante.
2. Esta listaxe provisional será aprobada pola comisión de relacións internacionais da escola ou facultade e publicada no taboleiro de anuncios do centro e na súa páxina web.
3. Os centros enviarán á ORI as listaxes de adxudicación provisoria xunto coas URL onde estean publicadas.
4. Cada estudante disporá dun prazo de **cinco días hábiles para presentar reclamacións** fronte a esta listaxe dirixidas á comisión de relacións internacionais da escola ou facultade.
5. Atendidas as reclamacións, a comisión de relacións internacionais da escola ou facultade publicará unha listaxe definitiva de persoas adxudicatarias das prazas de mobilidade no

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Asinado	Data e hora	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Páxina	9/30		
Observacións					
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



prazo indicado nos artigos 17 a 19 desta convocatoria. A secretaría de dita comisión deberalle comunicar a listaxe definitiva de persoas adxudicatarias, incluída a listaxe de suplentes, á ORI xunto coa URL onde estean publicadas.

6. Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva poderase interpoñer un recurso de alzada ante o reitor. A resolución de dito recurso esgotará a vía administrativa e contra ela poderase presentar un recurso de reposición ou contencioso-administrativo nos prazos e formas previstos na Lei reguladora do procedemento administrativo común.
7. En calquera caso, a adxudicación definitiva da praza de mobilidade e das axudas que lle puidesen corresponder ao/á estudante dependerá da aceptación do/a estudante por parte da universidade de destino.

## 9.º ACEPTACIÓN E RENUNCIA

1. Unha vez publicadas as listaxes definitivas e despois de que a ORI lles envíe un correo electrónico de confirmación, as persoas seleccionadas deberán formalizar a aceptación ou renuncia do destino adxudicado enviando á ORI por correo electrónico, [outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es) (A Coruña) ou [riferrol@udc.es](mailto:riferrol@udc.es) (Ferrol), o documento que figura no anexo I, de conformidade co indicado nos calendarios que constan nos artigos 17 a 19 desta convocatoria.
2. Ademais, se é solicitante de axudas financeiras Erasmus+ ou bilaterais deberá rexistrar, a través da sede electrónica da UDC <https://sede.udc.gal/>, entrando na sección "xestión económica", facendo click en "Iniciar o trámite" correspondente á liña Alta/Baixa/Modificación terceiros, nos mesmos prazos indicados arriba, os seguintes documentos:
  - Copia DNI/NIE
  - Certificación orixinal do IBAN da conta bancaria aberta en España da que a persoa solicitante é titular ou co-titular.

As persoas adxudicatarias que non cumpran debidamente con este trámite en forma e prazo, non poderán ser beneficiarias das axudas financeiras Erasmus+ ou bilaterais, e serán consideradas como mobilidades "bolsa cero" (sen axuda financeira).

3. A renuncia ou a aceptación da praza teñen que realizarse en prazo. As persoas que non presenten a súa aceptación ou renuncia en prazo decaerán dos seus dereitos e ocuparán o seu lugar as posibles persoas suplentes, que serán informadas pola ORI.
4. Sempre dentro do prazo, recoméndaselle ao estudantado realizar a aceptación ou renuncia canto antes, aos efectos de que poidan dispoñer do máximo tempo posible para rexistrarse como estudantes de intercambio na universidade de destino.
5. O/a estudante deberá confirmar as datas límite de rexistro de candidaturas en destino nas páxinas web das universidades, ou ben consultando directamente cos servizos de relacións internacionais de ditas institucións.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Páxina	10/30
Observacións		
Url De Verificación		<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).



6. Unha vez recibida a aceptación, a ORI comunicarlle a designación (nominación) do/da estudante á universidade de destino. Ver calendario nos artigos 17 a 19 desta convocatoria.
7. No caso de viaxe ecolóxica, o/a estudante deberá manifestar o seu interese para a realización deste tipo de viaxe como se indica no apartado 13.B.7.
8. No caso do estudiantado Erasmus con menos oportunidades (13.B.8), deberá acreditar documentalmente a pertenza algún dos perfís no momento de aceptar a praza, achegando xunto co impreso de aceptación a documentación pertinente.

## 10.º CONTRATO DE ESTUDOS (*LEARNING AGREEMENT*) E REXISTRO NA INSTITUCIÓN DE DESTINO

1. Antes de rexistrarse como estudante de intercambio na universidade de destino, a persoa adxudicataria da praza de mobilidade elaborará, baixo a supervisión da persoa responsable de relacións internacionais do seu centro (ou coa persoa que dirixa a tese doutoral no caso da oferta de prazas da Escola Internacional de Doutoramento), un contrato de estudos (*Learning Agreement*) no que indicará, expresando os créditos de cada unha, as materias que vai cursar na universidade de destino, así como as materias da súa titulación da UDC que lle serán recoñecidas á súa volta en función dos seus resultados académicos.
2. O estudiantado seleccionado para participar nun intercambio Erasmus+ no curso 2024/25 deberá formalizar o seu contrato de estudos dixitalmente (online *Learning Agreement*) a través de Erasmus sen papeis, EWP. No caso de estudantes bilaterais o contrato de estudos poderá formalizarse en versión PDF.
  - a. O/A estudante Erasmus+ deberá seleccionar a seguinte modalidade:
    - i. Semestre(s), para todas as mobilidades de longa duración de 2 a 12 meses
    - ii. Non se elixirá nesta convocatoria a mobilidade de curta duración para doutorandos/as: 5 a 30 días
    - iii. Non se elixirá nesta convocatoria a modalidade de programas intensivos combinados (*Blended mobility with short-term physical mobility*)
3. O contrato de estudo constará de tres táboas:
  - a. Na táboa A o/a estudante incluírá as materias oficiais do plan de estudo da universidade de destino que vai cursar presencialmente alí.
  - b. Na táboa B figurarán as materias da súa titulación na UDC, obxecto de recoñecemento, unha vez superadas as materias da táboa A.
  - c. Na táboa C poderán engadirse materias virtuais impartidas na universidade de destino no seu período de mobilidade.

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Asinado	Data e hora	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Páxina	11/30		
Observacións					
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



- Unha vez que teña o contrato de estudos cuberto e aprobado pola persoa responsable de relacións internacionais do seu centro, o estudiantado debe rexistrarse como estudante de intercambio na institución de destino, dentro do prazo concedido por esta. Xunto coa documentación que lle requira a institución de destino, o/a estudante incluíra necesariamente o contrato de estudos. **A formalización do rexistro na institución de destino, en tempo e forma, é unha responsabilidade exclusiva do/da estudante.**
- O/A estudante deberá solicitar a súa carta de aceptación na universidade de destino unha vez transcorrido o prazo sinalado por esta para o rexistro de estudantes de intercambio e terá a obriga de entregar unha copia na ORI. Será admitido tamén como equivalente á carta de aceptación o contrato de estudos (Learning Agreement) asinado pola persoa representante da institución de destino. Cando sexa a ORI a que reciba estes documentos, comunicarlle a recepción ao/á estudante.
- Unha vez cuberto o contrato de estudos, asinado polo/a estudante e aprobado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro UDC, o/a estudante formalizará a súa matrícula na UDC atendendo ao establecido na normativa académica, nos prazos ordinarios de matrícula previos a súa mobilidade. Ao formalizar a matrícula, o/a estudante deixará unha copia do contrato de estudos na Administración do centro e mandará unha copia da matrícula á ORI.
- No caso de mobilidades bilaterais onde o contrato de estudos non se formalice en versión EWP, o/a estudante deberá mandar á ORI e á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro, unha copia do contrato de estudos debidamente asinada polo propio/a estudante, o/a responsable de relacións internacionais do seu centro e pola institución de destino. **A entrega do contrato de estudos na ORI é un requisito imprescindible para poder realizar a mobilidade.**

## 11.º MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE ESTUDOS E AMPLIACIÓN DO PERÍODO DE MOBILIDADE PREVISTO

Con carácter xeral, permítese **unha modificación do contrato de estudos por semestre, solicitada dentro do primeiro mes desde o inicio das actividades académicas en destino**. Só excepcionalmente, e por causas plenamente xustificadas e alleas á conducta do estudante, se permitirán modificacións adicionais que deben ser autorizadas pola ORI. En toda modificación do contrato de estudos, **o/a estudante deberá solicitar na administración do centro os cambios pertinentes na súa matrícula.**

### A) MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE ESTUDOS SEN AMPLIACIÓN

A persoa interesada poderá solicitar unha modificación do seu contrato de estudos ao coordinador académico do seu centro, no prazo estipulado no parágrafo anterior, mediante o envío do documento "During the mobility".

No caso de que considere procedente autorizar os cambios, o/a responsable de relacións internacionais do centro remitíralle o documento co contrato modificado á administración do centro para que, no seu caso, esta faga a xestión de cambio de matrícula. Unha vez comprobada a

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	12/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



viabilidade do cambio de matrícula e efectuado o mesmo, a administración do centro remitirá á ORI e ao estudante o documento de modificación do contrato con todas as materias que o/a estudante cursará de modo definitivo no centro de destino e as súas equivalencias na UDC.

## B) MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE ESTUDOS CON AMPLIACIÓN DO PERÍODO DE MOBILIDADE

Sempre que for posible, no marco dos programas de mobilidade internacional en que existise acordo coa institución de destino, **poderase conceder unha ampliación** do período de mobilidade inicialmente previsto. **A persoa interesada deberá solicitarlo ao coordinador académico do seu centro, no prazo dun mes desde o inicio das actividades académicas do primeiro semestre en destino, a través do contrato de estudos dixital para o estudiantado Erasmus+ ou en versión PDF para as mobilidades bilaterais.**

1. No caso de que considere procedente autorizar os cambios, o/a responsable de relacións internacionais do centro remitiralle o documento co contrato modificado á administración do seu centro para que, no seu caso, esta faga a xestión de cambio de matrícula.
2. **O/a estudante deberá solicitar na administración do centro os cambios pertinentes na súa matrícula.**
3. As administracións dos centros terán que remitir o documento "During the Mobility" á ORI nun prazo máximo dunha semana desde a sinatura do documento polo coordinador académico da UDC.
4. A continuación, a ORI remitiralle ao/á estudante a través do correo electrónico a emenda ao convenio financeiro e indicará se a ampliación da estadia leva parella axuda económica ou non. O/a estudante terá que enviarlle á ORI a emenda asinada no prazo que se lle indique na mensaxe de correo electrónico.
5. As ampliacións aprobadas polo centro e recibidas na ORI ata o 10 de novembro (documento "During the Mobility") terán preferencia para o reparto económico con cargo ao exercicio de 2024, dependendo da dispoñibilidade orzamentaria.
6. A ampliación do período de mobilidade estará sempre suxeita ao cumprimento do mínimo de créditos establecido no artigo 12.
7. No marco do programa Erasmus+ só se concederán ampliacións de mobilidade que supoñan a permanencia na institución de destino por un semestre completo adicional, e se formalizarán coa sinatura da emenda ao convenio financeiro, asinada en todo caso antes do final do período inicial previsto. En caso de incumprimento da sinatura da emenda do convenio financeiro en prazo, procederase á cancelación de oficio da ampliación de estadia.
8. A administración do centro gardará sempre unha copia do contrato modificado ampliado no expediente do/da estudante, xunto co contrato inicial. A administración do centro enviaralle tamén ao/á estudante unha copia do documento de modificación/ampliación asinado polas tres partes (During the mobility), confirmando, no seu caso, o cambio de matrícula efectuado.

## 12.º CONVOCATORIAS CURSADAS NO ESTRANXEIRO E RECOÑECEMENTO ACADÉMICO

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	13/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. As materias ou créditos que o/a estudante curse na institución de destino segundo o acordado no contrato de estudos serán obxecto de recoñecemento académico conforme ao establecido neste.
2. Dado que o curso académico na UDC consta unicamente dunha convocatoria, todas as materias incluídas no contrato de estudos serán unicamente obxecto de avaliación e cualificación na institución de destino durante o curso en que se desenvolve a mobilidade. **O/a estudante, unha vez que teña incluída unha materia no seu contrato de estudos, non se poderá examinar de dita materia na UDC durante o mesmo curso académico,** a non ser que modifique o contrato de estudos de conformidade co establecido nesta convocatoria.
3. En sentido inverso, o/a estudante que xa fose avaliado/a nalgunha materia no primeiro semestre do curso 2024/25 na UDC non poderá incorporar dita materia ao contrato de estudos que rexe a súa mobilidade no segundo semestre dese mesmo curso.
4. No caso do estudantado de grao ou mestrado, o número de **créditos obxecto de recoñecemento** estará suxeito ao **límite máximo** establecido pola institución de destino que, en xeral, será de 60 ECTS para estadias anuais ou 30 ECTS para estadias semestrais. En caso de que a universidade de destino permita superar o límite anterior, rexerá a normativa de xestión académica da UDC, onde se fixan como límite de recoñecemento 78 e 39 ECTS para estadias anuais e semestrais, respectivamente. No caso de titulacións simultáneas ese límite elévase a 90 e 45 ECTS para estadias anuais e semestrais, respectivamente. O **número mínimo** será de 18 créditos ECTS para estadias semestrais (4-7 meses) e de 36 ECTS para estadias anuais (7-12 meses). Estes límites sempre están referidos ao número de créditos obxecto de recoñecemento na UDC, é dicir, ao número de créditos que suman as materias da UDC obxecto de recoñecemento, independentemente do número de créditos cursados na institución de acollida.
5. O mínimo de créditos semestral poderase reducir, única e exclusivamente, cando o/a estudante superase todos os créditos da súa titulación e soamente lle quede por aprobar:
  - A) o traballo de fin de grao ou de fin de mestrado
  - B) o traballo de fin de grao ou de fin de mestrado e unha ou varias materias adicionaisNestes casos as estadias deberán ter carácter trimestral se o número de créditos restante é inferior a 10. Poderán ser semestrais se dito número é igual ou superior a 10 pero inferior a 18, e serán admisibles con carácter anual cando o número sexa superior a 30.
6. Para o estudantado de doutoramento considerárase que unha estadía trimestral para desenvolver un proxecto investigador xustificando, segundo o establecido no artigo 6.º B.3, supoña un esforzo equivalente a 15 créditos, unha semestral 30 créditos e unha estadía anual 60 créditos. O recoñecemento académico deste esforzo realizarase de conformidade co establecido no regulamento de doutoramento da UDC. O estudantado de doutoramento deberá entregar unha avaliación final da súa estadía asinada polo titor da universidade de destino, que conteña unha descrición da actividade realizada durante a estadía e a dedicación en horas semanais.

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	14/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



7. Á marxe destes requisitos esixidos pola UDC, a universidade de destino poderalle esixir ao/á estudante, como condición para a súa aceptación, que curse nela durante a súa estadía un número determinado de créditos por trimestre, semestre ou ano académico. Igualmente, poderá excluír estadías de duración trimestral, e requirir de todo o estudantado a permanencia durante, polo menos, un semestre. O incumprimento destas condicións será motivo suficiente para a non aceptación do/da estudante e a imposibilidade de realizar a mobilidade.
8. Para poder proceder ao recoñecemento académico, o/a estudante, unha vez rematada a súa estadía, deberá solicitar do órgano competente na institución de acollida a expedición dunha certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada. **Esta certificación orixinal deberá ser entregada na ORI.**
9. A ORI remitirá a certificación orixinal ao responsable de relacións internacionais do centro que cubrirá o impreso normalizado (segundo o modelo "After the mobility") de recoñecemento de créditos coas cualificacións equivalentes e o presentará na administración do centro xunto co certificado orixinal de cualificacións e será remitido finalmente tamén á ORI.
10. **Interrupción da mobilidade:** Cando o/a beneficiario/a se vexa obrigado/a a interromper o período de mobilidade por causa xustificada, deberao comunicar á ORI e ao/á seu/súa coordinador/a que darán o seu visto e praxe. O número de días de interrupción rexistrarse na ORI e procederase ao axuste do importe da bolsa segundo corresponda a través dunha emenda ao convenio financeiro.

### 13.º CONTÍAS, ASIGNACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

#### A) REGRAS XERAIS

1. O estudantado adxudicatario dunha mobilidade será convocado pola ORI para asinar un convenio financeiro antes da súa incorporación á universidade de destino. Este convenio deberá asinarse con independencia de que o/a estudante teña ou non dereito á axuda económica. De non acudir a formalizar o convenio, o/a estudante decaerá dos seus dereitos como estudante de intercambio.
2. Unha vez asinado o convenio, entregarase á persoa seleccionada unha certificación na que constará o seu status de estudante de intercambio.

#### B) CONTÍAS E ASIGNACIÓN DAS AXUDAS ERASMUS+

1. O/a estudante beneficiario/a dunha mobilidade Erasmus+ con fins de estudos poderá recibir unha axuda financiada conxuntamente pola Comisión Europea e pola UDC, pola duración da mobilidade presencial en destino, cuxo importe está definido polo SEPIE no momento da sinatura coa UDC do convenio para o curso 2024/25. Estas bolsas son compatibles con calquera outra complementaria para os mesmos efectos, e en particular cos fondos que a Xunta de Galicia ou outras institucións poidan prever, en uso das súas atribucións, para financiar as estadías no marco do programa Erasmus+. Os importes das

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	15/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



axudas de apoio individual e adicionais para estudantes con menos oportunidades están dispoñibles na seguinte ligazón: [https://udc.es/gl/ori/politica\\_internacional/erasmus-2021-2027/](https://udc.es/gl/ori/politica_internacional/erasmus-2021-2027/)

2. A asignación das axudas ao estudiantado realizarase pola ORI, que empregará para o efecto unha listaxe única por resolución, resultante de acumular todas as listaxes definitivas publicadas polos centros en relación coas universidades implicadas no programa Erasmus+, tendo en conta a nota media do expediente.
3. Integrará a listaxe única por resolución todo o estudiantado que, na data de publicación da resolución do SEPIE que determina a axuda concedida á UDC con cargo aos fondos do programa Erasmus+, xa teñan adxudicada con carácter definitivo, e aceptada, unha praza de mobilidade nalgún dos prazos da convocatoria de mobilidade internacional de estudantes para o curso 2024/25.
4. A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización poderá reservar unha parte do importe total da subvención Erasmus+ para conceder axudas ao estudiantado de mestrado da UDC, dado que o período de admisión e matrícula para os mestrados ten lugar habitualmente máis tarde que a publicación da resolución do SEPIE.
5. A resolución que contén a asignación das axudas publicarase na páxina web da ORI antes de formalizar os convenios financeiros co estudiantado de mobilidade Erasmus+.
6. No caso de que, tralo cómputo de gastos finais xustificadas polas persoas beneficiarias das axudas para mobilidades Erasmus+ con fins de estudos, quedase algún remanente de fondos dispoñible na aplicación orzamentaria, estes fondos poderán destinarse a persoas adxudicatarias dunha mobilidade deste tipo con «bolsa cero», que quedarán en listaxe de agarda da bolsa, sempre e cando non teña rematado a súa estada e despois da sinatura dunha emenda ao convenio financeiro.
7. O programa Erasmus+ define como **viaxe ecolóxica aquela que utiliza medios de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto (dende a cidade da universidade de orixe ata a cidade da universidade de destino), por exemplo, o autobús, barco, ferrocarril ou automóbil eléctrico ou compartido**. Este tipo de viaxes serán susceptibles dunha axuda adicional, así como un máximo de 4 días de financiamento adicional. O/a estudante terá que **manifestar o seu interese por realizar a viaxe ecolóxica no momento da aceptación da súa mobilidade** para poder percibir as axudas de viaxe correspondentes.
8. Un/Unha **participante con menos oportunidades** defínese como una “persoa que se enfrenta a obstáculos que lle impiden ter un acceso eficaz ás oportunidades que ofrece o Programa por motivos económicos, sociais, culturais, xeográficos ou de saúde, debido á súa orixe inmigrante, por razóns tales como a discapacidade e as dificultades de aprendizaxe ou por calquera outra razón que poida dar lugar a discriminación a tenor do disposto no artigo 21 da Carta de los Dereitos Fundamentais da Unión Europea” (Guía do programa Erasmus+, p. 470, <http://www.sepie.es/convocatoria/convocatoria.html>). As persoas con menos oportunidades que participan en actividades de mobilidade poden beneficiarse de financiación específica, segundo o indicado na citada Guía, de acordo cos perfís que se definen a nivel nacional polo SEPIE. Para estudiantado de educación superior estes son:

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	16/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Obstáculo	Perfil
Discapacidade	Estudantado cun grao de discapacidade do 33% como mínimo
Obstáculos socioeconómicos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Beneficiarios/as dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado ou dunha bolsa do Departamento de Educación do País Vasco</li> <li>- Percepción de prestación de Ingreso Mínimo Vital / Renta Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar</li> <li>- Persoas en risco de exclusión social</li> <li>- Familias numerosas ou monoparentais</li> <li>- Situacións de especial necesidade e emerxencia social consideradas pola administración competente</li> <li>- Vítimas de terrorismo, violencia de xénero e orfandade</li> <li>- Situación de dependencia, participantes con persoas dependentes ao seu cargo</li> <li>- Estudantado con contratos de traballo a tempo completo</li> </ul>
Problemas de saúde	Situación de saúde física ou mental que xere a necesidade de apoio adicional
Diferenzas culturais	Condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentada solicitude de protección internacional en España

A pertenza a algún destes perfís deberá acreditarse documentalmente no momento de aceptar a praza de mobilidade Erasmus+ para poder recibir a axuda complementaria. No caso do alumnado que reúna os requisitos de varios perfís, só deberá acreditar a pertenza a un deles, posto que a axuda adicional é a mesma, independentemente de que se pertenza a un ou varios perfís.

A documentación precisa para acreditar cada un dos perfís está dispoñible en: [https://www.udc.es/qli/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade\\_Erasmus/necesidades\\_especial\\_es/](https://www.udc.es/qli/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_Erasmus/necesidades_especial_es/)

9. Unha persoa con necesidades de **apoio á inclusión** é un/unha participante potencial cuxa situación física, psíquica ou sensorial é tal, que a súa participación nunha actividade de mobilidade non sería posible sen unha axuda financeira superior ás establecidas con carácter xeral, incluídas as axudas adicionais para estudantes con menos oportunidades. Para acceder ás axudas de apoio á inclusión establecidas no Programa Erasmus+, os/as participantes deberán ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% ou padecer problemas físicos, mentais ou de saúde debidamente acreditados mediante a correspondente certificación médica, así como cumprir co resto dos criterios de elixibilidade establecidos no Programa. Este estudantado poderá recibir axudas superiores baseadas en custos reais para cubrir gastos adicionais que non poidan ser cubertos coas axudas establecidas con carácter xeral, incluídas as axudas adicionais para estudantes con menos oportunidades. Estes gastos poden incluír transporte especial/adaptado no país de acollida, acompañantes, servizos profesionais que sexan imprescindibles, visitas preparatorias e outros gastos específicos derivados da discapacidade acreditada pola persoa participante. Estas axudas deben ser solicitadas pola UDC ao SEPIE, que decidirá sobre a admisión de cada solicitude individualmente en base á documentación aportada pola persoa participante. Máis información sobre estas

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López		Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións			Páxina	17/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



axudas de apoio á inclusión e como solicitalas está dispoñible en: [https://www.udc.es/gl/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade\\_Erasmus/necesidades\\_especial\\_es/](https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_Erasmus/necesidades_especial_es/)

### C) CONTÍAS E ASIGNACIÓN DAS AXUDAS BILATERAIS

1. No caso de que a dotación orzamentaria do programa de mobilidade bilateral da UDC non sexa suficiente para financiar todas as estadias solicitadas con cargo á presente convocatoria, as axudas serán adxudicadas tendo en conta a nota media do expediente académico dos/das estudantes de conformidade coa normativa que rexe o cálculo das medias na UDC, e ponderado co coeficiente corrector de 1,17 para as titulacións técnicas.
2. A asignación das axudas dispoñibles ao estudantado realizarase pola ORI, que empregará para o efecto unha listaxe única por resolución, resultante de acumular todas as listaxes definitivas publicadas polos centros en relación coas universidades implicadas no programa bilateral.
3. Integrará a listaxe única todo o estudantado que aceptase, tras a súa adxudicación definitiva, unha praza de mobilidade na presente convocatoria.
4. Da listaxe única será eliminado o estudantado que percibiu unha axuda bilateral da UDC con anterioridade, en calquera ciclo de estudos, salvo nos casos de continuación de estudos na mesma institución de destino para o estudantado que iniciou a súa estadia no segundo semestre do curso 2023/24.
5. A resolución que conteña a asignación das axudas bilaterais da UDC efectuarase no prazo de 30 días desde a publicación das listaxes definitivas.
6. Para mobilidades con destino en países que non teñan a condición de países do programa Erasmus+, a persoa adxudicataria recibirá unha axuda única de 800 € por unha estadia trimestral (2-4 meses), 1000 € por unha estadia semestral (5-7 meses) ou 2000€ por unha estadia anual (8-12 meses). Estas axudas son compatibles con calquera outra complementaria para os mesmos efectos.
7. En xeral, no marco desta convocatoria, as prazas con destino a países que formen parte do programa Erasmus+ non recibirán financiamento de fondos propios da UDC. Excepcionalmente permitirase a adxudicación de bolsas bilaterais a aquel alumnado cuxa mobilidade teña como fin a obtención dunha dobre titulación internacional acordada pola UDC e outra ou outras institucións pertencentes a un país do programa Erasmus+. Neste caso, a contía da bolsa bilateral de mobilidade será do mesmo importe mensual que o "apoio individual" (sen as axudas adicionais) da bolsa que lle correspondería ao/á estudante de poder participar no programa Erasmus+.

### D) PAGAMENTO DAS AXUDAS:

#### MOBILIDADES ERASMUS

O pagamento farase nos prazos seguintes:

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	18/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- 1º prazo: Iniciarase a tramitación do pagamento do 80% da axuda de apoio individual antes do inicio da mobilidade, nas condicións que figuren no convenio financeiro que o estudante debe asinar antes do inicio da mobilidade.
- 2º prazo: Iniciarase a tramitación do pagamento restante ao finalizar a estadía, no momento en que se cumpran as condicións seguintes:
  1. Que o/a estudante presente na ORI:
    - O certificado orixinal de fin de estadía, especificando o período presencial realizado en destino e no seu caso, o período virtual, debidamente asinado e co selo da institución de destino.
    - Un exemplar completo do contrato de estudos (con todos os cambios e modificacións realizados), asinado en prazo por todas as partes: o/a estudante, o/a responsable de RRII do seu centro e o/a responsable da institución de destino.
  2. Que o/a estudante cubra o informe final de experiencia relativo á súa mobilidade na plataforma Beneficiary Module (BM) da UE, tras recibir no enderezo @udc.es o correo correspondente co aviso dos xestores do programa.

Canto ao pagamento das axudas adicionais por **viaxe ecolóxica, o/a estudante deberá enviar á ORI xunto co certificado de chegada a destino, as evidencias da viaxe** (billetes e tarxetas de embarque de transporte ecolóxico e, no caso de automóbil eléctrico ou compartido, declaración responsable das persoas que comparten o vehículo, acompañado de evidencias, canto a identificación e características do automóbil, reabastecemento, autoestradas e quilometraxe). No caso de que se acompañe xustificación de billete de ida e volta procederase á sinatura dunha emenda ao convenio financeiro e ao posterior pagamento da axuda adicional. Cando só se xustifique a ida da viaxe tamén se procederá á sinatura da emenda correspondente, quedando á espera da xustificación da viaxe de volta xunto co certificado de fin de estadía para que se realice o pagamento.

## MOBILIDADES BILATERAIS

O pagamento farase nos prazos seguintes:

- 1º prazo: Iniciarase a tramitación do pagamento do 80% da axuda cando se reciba na ORI o certificado de chegada á universidade de destino debidamente asinado e selado.
- 2º prazo: Iniciarase a tramitación do pagamento restante ao finalizar a estadía, no momento en que se cumpran as dúas condicións seguintes:
  1. Que o/a estudante presente na ORI:
    - O certificado orixinal de fin de estadía, debidamente asinado e co selo da institución de destino.
    - Un exemplar completo do contrato de estudos (con todos os cambios e modificacións realizados), asinado en prazo por todas as partes: o/a estudante, o/a responsable de RRII do seu centro e o/a responsable da institución de destino.
  2. Que o/a estudante cubra o formulario denominado «Informe final de experiencia para estudantes saíntes/Final travel report for outgoing students», a través do Portal para estudantes de intercambio saíntes, dispoñible en: [https://www.udc.es/gl/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/Formulariosespanoles/](https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/Formulariosespanoles/)

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	
Observacións	Páxina	19/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



A data límite para iniciar a tramitación do pagamento restante da axuda, tanto para estudantes con mobilidade Erasmus+ como bilateral, é de 15 días desde a data de fin de estadía que figura no seu certificado final. En todo caso, a data límite será o 15 de marzo de 2025 para mobilidades do primeiro semestre e o 15 de xullo de 2025 para mobilidades anuais ou do segundo semestre.

Aquel estudiantado que non cumpra co anterior, non recibirá o pagamento restante e, ademais, iniciárase o procedemento para esixirle a devolución do importe íntegro da axuda percibida para realizar a mobilidade.

As reclamacións faranse a través do correo electrónico da UDC e/ou de escritos enviados por correo postal certificado á dirección postal indicada polo/a estudante na súa solicitude.

#### 14º. SEGUROS

O estudiantado deberá dispoñer dunha cobertura de seguro adecuada para realizar a súa mobilidade e será responsable de contratar os seguros que figuran máis abaixo, necesarios para cubrir os riscos derivados da súa estadía. En particular, deberán ter en conta o seguinte:

**a) Seguro médico.** A cobertura de seguro médico é obrigatoria. Para os/as estudantes que realicen a súa mobilidade dentro dun estado membro da UE será suficiente con obter a tarxeta sanitaria europea (TSE). No resto das mobilidades, o/a estudante deberá contratar un seguro médico privado válido para a cobertura en destino.

**b) Seguro de accidentes, asistencia en viaxe e responsabilidade civil.** Os/As estudantes de calquera dos programas de mobilidade internacional deberán contratar, **antes do inicio da estadía**, un seguro que inclúa as seguintes coberturas mínimas: transporte ou repatriación sanitaria, transporte ou repatriación do asegurado falecido, desprazamento de familiar acompañante no caso de enfermidade, estadía dun familiar acompañante, interrupción da viaxe por defunción dun familiar, desprazamento dun familiar acompañante por falecemento e responsabilidade civil.

O/a estudante será responsable de proporcionar á ORI un documento que acredite a contratación destes seguros e de que estes seguros cumpran os requisitos dos apartados anteriores.

#### 15º. OBRIGAS DO ESTUDANTADO

O/a estudante comprométese ao seguinte:

1. Antes da mobilidade:

- a. Elixir as institucións de destino tendo en conta fundamentalmente as condicións académicas destas. En particular, é obriga do/da estudante consultar que no destino exista un plan de estudos adaptado ao seu perfil académico, así como a viabilidade de estudar na lingua en que se imparten as materias cumprindo os requisitos ou as recomendacións lingüísticas da universidade de destino.

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	20/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- b. Revisar o bo funcionamento do correo institucional @udc.es, e comprobar frecuentemente a existencia de notificacións relativas á súa mobilidade.
  - c. Contactar coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro para recibir información sobre a universidade de destino e elaborar o contrato de estudos.
  - d. Rexistrarse como estudante de intercambio na institución de destino, para o que debe completar e enviar a dita universidade o contrato de estudos (Learning Agreement) e a documentación requirida por esta dentro dos prazos que esta estableza. O cumprimento desta obriga é unha responsabilidade exclusiva da persoa candidata.
  - e. Presentar en tempo e forma todos os documentos requiridos pola ORI, segundo os modelos dispoñibles na sección de formularios na web da ORI, incluíndo o contrato de estudos asinado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro, polo/pola estudante e pola persoa responsable na institución de destino.
  - f. En caso da mobilidade Erasmus+, realizar a avaliación inicial do idioma estranxeiro a través da plataforma OLS.
  - g. Informar e xustificar á ORI sobre condicións de menos oportunidades no momento da aceptación da mobilidade, e en todo caso, antes do momento de reparto das axudas económicas.
  - h. Asinar o convenio financeiro (indicando se ten ou non axuda financeira) o día que sexa convocado para tal efecto pola ORI. De non acudir a formalizar o convenio, o/a estudante decaerá nos seus dereitos como estudante de intercambio.
  - i. Formalizar a súa matrícula ordinaria na UDC segundo a normativa de xestión académica da UDC para o curso 2024/25 e aboar, no seu centro da UDC, as taxas de matrícula, o seguro escolar e, no seu caso, outros seguros correspondentes. Presentar unha copia da matrícula na ORI.
  - j. Contratar os seguros a que se refire o punto 14 e presentar copia das pólizas na ORI. Igualmente, o/a estudante debe valorar a conveniencia de contratar outros seguros que cubran eventuais riscos que poidan xurdir durante a mobilidade.
  - k. En caso de renuncia á axuda durante o seu período de vixencia, a persoa beneficiaria deberallo comunicar á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro e ademais á ORI por escrito.
2. Durante a estada no centro de destino:
- a. No prazo máximo de 10 días desde a incorporación no destino, remitir por correo electrónico á ORI a certificación de chegada debidamente asinada e selada. Non entregar este documento en prazo poderá supoñer a obriga de devolver unha parte ou a totalidade da axuda percibida.
  - b. En caso de viaxe ecolóxica achegar a xustificación correspondente, tal e como se indica no punto 13.D.
  - c. Remitir á ORI e á administración do seu centro, dentro dese mesmo prazo de 10 días, o contrato de estudos (Learning Agreement) asinado pola universidade de destino, se non o tivese feito antes de marchar. **En todo caso, a universidade de destino ten que**

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	21/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**asinar o contrato de estudos (sección “Before the mobility”) con data anterior ao comezo da mobilidade do/da estudante, é dicir, antes da data que figura no certificado de chegada.**

- d. Permanecer presencialmente no destino ata o final do período previsto da estadía e asistir ás actividades académicas en destino acordadas no contrato de estudos, para os efectos das axudas económicas. En caso de **renuncia á mobilidade durante o seu período de vixencia**, a persoa beneficiaria deberá comunicalo á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro e á ORI por escrito. As renuncias que se producen fóra do prazo establecido e sen xustificación serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias e todas as renuncias obrigarán á devolución do importe da axuda que se recibise.
  - e. Manter o contacto directo periódico coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro a través da dirección electrónica do dominio da UDC.
  - f. Someterse ás mesmas normas que os/as estudantes da universidade de destino canto aos requisitos de conduta e resultados nas aulas.
  - g. Superar un número de créditos igual ou superior ao **20%** do total de créditos que cursa no centro de destino.
  - h. Antes de rematar a estadía en destino, o/a estudante Erasmus+ deberá realizar a avaliación final do idioma estranxeiro a través da plataforma OLS.
3. Finalizado o período de mobilidade na universidade de destino:
- a. De modo inmediato tras finalizar a estadía e, en todo caso, no prazo máximo de 10 días tras a data de fin de estadía certificada pola institución de destino, o/a estudante deberá remitir á ORI o documento **Certificado de fin de estadía** (indicando as datas reais de inicio e fin da estadía), debidamente selado e asinado pola institución de destino, así como cubrir o **informe final de experiencia**: “EU survey” a través do Beneficiary Module para o estudiantado Erasmus+ ou segundo o modelo proporcionado pola ORI para o bilateral a través do portal para estudantes de intercambio saíntes. Non entregar este documento ou o feito de non cubrir o informe final suporá a obriga do/da estudante de devolver a totalidade da axuda percibida e a denegación ou revogación do correspondente recoñecemento académico.
  - b. O/A estudante deberá remitir á ORI, de modo inmediato tras finalizar a estadía, **un exemplar completo do contrato de estudos**, con todos os cambios e modificacións realizados, asinado por todas as partes: o/a estudante, a persoa responsable de relacións internacionais do seu centro e a persoa responsable da institución de destino. Non entregar este documento suporá a obriga do/da estudante de devolver a totalidade da axuda percibida e a denegación ou revogación do correspondente recoñecemento académico.
  - c. Solicitar do órgano competente na institución de destino a expedición dunha **certificación académica orixinal** acreditativa dos estudos realizados (conforme á sección correspondente do contrato de estudos “After the mobility”), coa denominación

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	22/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



das materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada (certificación de avaliación final con descrición da actividade realizada e dedicación en horas semanais, no caso de estudantes de doutoramento). Esta certificación terá que ser entregada obrigatoriamente na ORI. No caso de non recibir o orixinal en papel, o/a estudante será responsable de solicitar á institución de destino que envíe directamente á ORI esta certificación en PDF debidamente asinada e selada. O feito de que a ORI non reciba a certificación por algunha destas dúas vías, suporá a obriga do/da estudante de devolver a totalidade da axuda percibida e a denegación ou revogación do correspondente recoñecemento académico.

- d. O/A estudante deberá verificar que o recoñecemento académico se aplique debidamente no seu expediente académico da UDC, conforme á sección correspondente do modelo de contrato de estudos (After the mobility), antes de formalizar a súa matrícula do curso seguinte.

## 16.º INCUMPRIMENTOS

O incumprimento por parte do estudiantado de calquera dos deberes que lle impoñen o artigo 6 do Regulamento de mobilidade ou a presente convocatoria terá as consecuencias sancionadoras previstas no punto 2º de dito artigo do Regulamento de mobilidade e, en todo caso:

- a. As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen xustificación serán consideradas motivo de exclusión en convocatorias posteriores. Todas as renuncias levan parella a obriga de devolver o importe da axuda recibida.
- b. No caso de non acreditar a superación dun número de créditos igual ou superior ao 20% do total dos incluídos no contrato de estudos no centro de destino, o/a estudante terá que devolver o importe da axuda recibida.

## 17.º CALENDARIO DO PRIMEIRO PRAZO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Comezo da presentación de solicitudes	Dende a data de publicación da convocatoria na Sede Electrónica de la UDC
Límite de presentación de solicitudes	08/02/2024
Revisión de solicitudes pola ORI e envío de listaxes aos centros	20/02/2024
Publicación das listaxes provisionais de selección nos centros	28/02/2024
Fin do prazo de reclamacións fronte ás listaxes provisionais	06/03/2024
Prazo de resolución das reclamacións nos centros	14/03/2024
Envío das listaxes finais de persoas seleccionadas e suplentes desde o centro á ORI e publicación das listaxes finais na web da ORI	14/03/2024

<b>Código Seguro De Verificación</b>	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	23/30
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Prazo no que os/as estudantes aceptarán os destinos outorgados e recibirán máis información sobre os pasos para seguir	Os días 25, 26 e 27 de marzo de 2024 <b>En todo caso é preceptivo aceptar o destino 5 días hábiles antes do prazo límite indicado pola universidade de destino</b>
--	---

**18.º CALENDARIO DO SEGUNDO PRAZO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA** (Só para mobilidades que se vaian realizar no segundo semestre 2024/25)

Data de apertura do segundo prazo de solicitude da convocatoria	08/05/2024
Límite de presentación de solicitudes	29/05/2024
Revisión de solicitudes pola ORI e envío de listaxes aos centros	12/06/2024
Publicación das listaxes provisionais de selección nos centros	19/06/2024
Fin do prazo de reclamacións fronte ás listaxes provisionais	27/06/2024
Prazo de resolución das reclamacións nos centros	03/07/2024
Envío das listaxes finais de persoas seleccionadas e suplentes desde o centro á ORI e publicación das listaxes finais na web da ORI	03/07/2024
Prazo para aceptar os destinos outorgados aos/ás estudantes	O 15, 16 e 17 de xullo de 2024  En todo caso é preceptivo aceptar o destino 5 días hábiles antes do prazo límite indicado pola universidade de destino  Os/As estudantes serán chamados ordenadamente, por medio do correo electrónico, para que acudan á ORI a efectuar a súa aceptación nunha data determinada.

**19.º CALENDARIO DO TERCEIRO PRAZO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA** (Só para mobilidades que se vaian realizar no segundo semestre 2024/25)

Data de apertura do 3º prazo de solicitude da convocatoria	02/10/2024
Límite de presentación de solicitudes	<b>Vinte días antes da data límite de nomeamentos de candidaturas en destino</b> , e, en todo caso, antes do 31 de outubro de 2024 se os prazos en destino son posteriores ao 20 de novembro de 2024.
Publicación das listaxes provisionais de selección nos centros	No prazo de 5 días naturais máximo despois de recibir o correo da ORI indicando que o centro pode empezar o proceso de asignación da praza.
Fin do prazo de reclamacións fronte ás listaxes provisionais	Máx. 5 días a partir da publicación da resolución

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Páxina	24/30
Observacións		
Url De Verificación		<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).





	provisional na web do centro.
Prazo de resolución das reclamación nos centros	Máx. 5 días naturais a partir da publicación da resolución provisional na web do centro.
Envío das listaxes finais seleccionada e suplentes finais de persoas seleccionadas e suplentes desde o centro á ORI e publicación das listaxes finais na web da ORI	Máx. 5 días naturais a partir da publicación da resolución provisional na web do centro.
Aceptación de destinos outorgados aos/ás estudantes	<b>Máx. 3 días hábiles</b> a partir da comunicación de concesión por e-mail ao estudante desde a ORI. <b>En todo caso é preceptivo aceptar o destino 5 días antes do prazo límite de nomeamentos indicado pola universidade de destino</b>

## 20.º PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, sobre a protección das persoas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos devanditos datos (Regulamento xeral de datos Protección ou RGPD), e o artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámoslle que os datos facilitados polo interesado mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal). Solicitar unha destas bolsas na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, segundo a LOPD, aos efectos dunha adecuada xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa finalidade antes mencionada cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Ao concorrer a esta convocatoria, o interesado consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e no Padroado Oficial da Sede electrónica da UDC, segundo o disposto na Disposición Adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria quedará publicada nos devanditos lugares. Os datos persoais conservaranse durante o tempo que sexa necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na Lei Orgánica de protección de datos persoais. O interesado consente o tratamento dos seus datos coas finalidades de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao tratamento antes mencionado, así como a solicitar, salvo en casos de interese público e / ou exercicio do poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderán exercitarse mediante solicitude enviada á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou por correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal), con referencia "protección de datos", mediante escrito asinado para o efecto, xunto con fotocopia do seu DNI. Tamén pode enviar esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal indicada anteriormente, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Tamén ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	
Observacións	Páxina	25/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



## DISPOSICIÓN FINAL

No caso de que as mobilidades adxudicadas na presente convocatoria se vexan afectadas por eventualidades sanitarias semellantes ás acontecidas durante os cursos 2019/2020, 2020/2021 e 2021/2022, aplicaranse as medidas que ao efecto establezan a Comisión Europea, o SEPIE e as autoridades sanitarias correspondentes dos países de orixe e de destino.

Neste sentido, o SEPIE define tres tipos de mobilidade: física, combinada (blended mobility) e virtual. O estudiantado terá dereito á axuda económica sempre que haxa un desprazamento físico a destino e residencia en destino durante o período da estada concedida. En todos os casos, o estudiantado terá recoñecemento académico pola súa mobilidade, ben sexa física, combinada ou virtual.

## ANEXOS:

- Anexo I: Modelo de aceptación/renuncia á bolsa de mobilidade
- Anexo II: Certificados admitidos para a acreditación do coñecemento de idiomas
- Anexo III: Valoración doutros méritos por centros
- Anexo IV: Compromiso solicitude mestrado internacional

Para máis información: Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

CAMPUS DA CORUÑA  
Casa do Lagar  
Campus de Elviña  
Tel: 981 167 000 (ext. 1959)  
Correo electrónico: [outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es)

CAMPUS DE FERROL  
Edificio de Apoio ao Estudo  
Campus de Esteiro  
Tel: 981 337 400 (ext. 3634)  
Correo electrónico: [riferrol@udc.es](mailto:riferrol@udc.es)

O Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización,

Moisés Canle López

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	26/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### ANEXO I

## ACEPTACIÓN/RENUNCIA DA MOBILIDADE CON FINS DE ESTUDOS

**Quen asina abaixo:**

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da mobilidade.
- Comprométese a cumprir os termos do contrato de estudos asinado.

**Nome e apelidos:** .....

**DNI:** .....

**Estudante da Facultade/Escola de** .....

**Acepto** a mobilidade con fins de estudos para o curso académico 20.../20..., concedida para ir a: .....

**Período de estudos:**

- Primeiro semestre
- Segundo semestre
- Todo o curso académico
- Outras datas (a especificar): .....

**Renuncio** á mobilidade con fins de estudos para o curso académico 20...../20....., concedida para ir a: .....

Motivo da renuncia:

**DECLARACIÓN RESPONSABLE sobre a bolsa:**  ERASMUS+  BILATERAL SM DA UDC

Declaro que non solicitei nin se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta bolsa.

Declaro que solicitei e/ou se me concedeu outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta bolsa e que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	ESTADO*

\*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indícase PENDENTE, e informarase por escrito á ORI coa maior brevidade sobre calquera cambio no estado. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA.

Declaro que o número de **conta bancaria** especificado por min na miña solicitude de mobilidade internacional **é correcto**. Esta conta está ao meu nome e está aberta en España

Declaro que o número de **conta bancaria** especificado por min na miña solicitude de mobilidade internacional **NON é correcto** por non cumprir requisitos da convocatoria.

Realizarei unha viaxe ecolóxica con medio(s) de transporte: (*indicar medio de transporte elixido*)

Cumpro os requisitos para solicitar **unha axuda adicional para persoas con menos oportunidades**, tal como se definen na convocatoria e achego con este impreso a documentación xustificativa correspondente.

A Coruña/Ferrol, .....de ..... de 20...

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Páxina 27/30
Observacións		
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



ASINADO



## ANEXO II CERTIFICADOS ADMITIDOS PARA A ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DE IDIOMAS

### Táboas de certificados válidos para a acreditación de nivel de idiomas e a súa correspondencia co MCERL

No seguinte cadro inclúense as equivalencias de nivel que se aplicarán, só para efectos desta convocatoria, aos cursos de idiomas realizados no Centro de Linguas da UDC:

Idioma	A2	B1
Alemán	A2	
Francés	A2	
Inglés		B1.2
Italiano	A2	
Portugués	A2	

Acéptanse os certificados que estean incluídos nas táboas de ACLES e/ou CRUE. As listaxes de certificados válidos e as súas equivalencias de nivel pódense consultar en:

ACLES:

[https://udc.eres/export/sites/udc/ori/galeria\\_down/inf\\_estudiantes\\_UDC/movilidad\\_internacional/tablas de certificados reconocidos por acles\\_13.pdf\\_2063069239.pdf](https://udc.eres/export/sites/udc/ori/galeria_down/inf_estudiantes_UDC/movilidad_internacional/tablas_de_certificados_reconocidos_por_acles_13.pdf_2063069239.pdf)

CRUE:

<https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:d2cc1a84-b9cc-455d-8347-9f719cdecaef/idiomastablascrue.pdf>

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Páxina	28/30
Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López		
Observacións		
Url De Verificación		<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).



## ANEXO III VALORACIÓN DOUTROS MÉRITOS

CENTROS UDC	Campus	N.º máx. de destinos para elixir por estudante	Valoración doutros méritos hasta un 5%
EU de Arquitectura Técnica	A Coruña	4	Non
EU de Enfermería - A Coruña	A Coruña	4	Non
EU de Relacións Laborais - A Coruña	A Coruña	4	Non
ETS de Arquitectura	A Coruña	4	Non
ETS de Náutica e Máquinas	A Coruña	4	Non
ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	A Coruña	4	Non
Facultade de Fisioterapia	A Coruña	4	Valorarase: a) participar nalgún grupo práctico en inglés das materias ofertadas en 2.º e 3.º curso de grao; b) ser bolseiro dos laboratorios da Fac. Fisioterapia ou do Departamento de Fisioterapia; c) ser representante dos estudantes nas xuntas de facultade ou nos consellos de departamento de Fisioterapia; d) participar en actividades, xornadas, ou congresos organizados pola Facultade ou Departamento de Fisioterapia ou en colaboración co Colexio de Fisioterapeutas de Galicia; e) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, xustificado segundo as táboas do ANEXO II.
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	A Coruña	4	Non
Facultade de Ciencias	A Coruña	4	Non
Facultade de Ciencias da Comunicación	A Coruña	4	Valorarase: a) o coñecemento doutros idiomas ou dun nivel superior ao esixido para o destino, xustificado segundo as táboas do ANEXO II e b) cursos relacionados coa comunicación audiovisual ou a creación dixital, animación e videoxogos, que presente o estudante segundo o seu grao de orixe.
Facultade de Ciencias da Educación	A Coruña	4	Non
Facultade de Dereito	A Coruña	4	Valorarase positivamente o coñecemento do idioma de destino superior ao esixido na convocatoria, xustificado segundo as táboas do ANEXO II.
Facultade de Economía e Empresa	A Coruña	4	Non
Facultade de Filoloxía	A Coruña	4	Valorarase: a) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, xustificado segundo as táboas do ANEXO II e b) o coñecemento doutras linguas estranxeiras.
Facultade de Informática	A Coruña	4	Non
Facultade de Socioloxía	A Coruña	4	Non
Facultade de Ciencias da Saúde	A Coruña	4	Non
Facultade de Turismo	A Coruña	4	Non
EU de Deseño Industrial	Ferrol	4	Non
EPEF	Ferrol	4	Non
Fac. de Ciencias do Traballo	Ferrol	4	Non
Facultade de Enfermería e Podoloxía	Ferrol	4	Non
Facultade de Humanidades	Ferrol	4	Valorarase: a) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, xustificado segundo as táboas do ANEXO II e b) o coñecemento doutras linguas estranxeiras.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Asinado Por	Páxina	29/30
Observacións		
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



## ANEXO IV

MODELO DE COMPROMISO

SOLICITUDE para estudantes sen credenciais UDC

D/Dona: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

Dirección \_\_\_\_\_

Código Postal \_\_\_\_\_

Localidade \_\_\_\_\_ Teléfono/s \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

E-mail: \_\_\_\_\_

Institución de destino elixida: \_\_\_\_\_

### COMPROMÉTOME:

- a solicitar praza no Mestrado:

.....  
.....

Do/da (nome do centro)

.....

Da Universidade da Coruña nos prazos indicados na normativa académica;

- entregar na ORI a aceptación definitiva xunto coa documentación restante requirida pola convocatoria, nun prazo máximo de 15 días desde a súa publicación

- cumprir os requisitos especificados no punto 4A, 4 B ou 4D da devandita convocatoria.

E para que así conste asino o presente documento en

A Coruña/Ferrol, ..... de ..... de .....

(Asinar)

SR./SRA. DIRECTOR/A DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS (ORI)

Código Seguro De Verificación	GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	18/01/2024 16:55:34
Observacións		Páxina	30/30
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/GB5KoJIjglsQYPfKkuajGw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

